


Poetas costeiros de hoxe: X.H. Rivadulla Corcón

Wednesday, 05 de May do 2010

Xoán Silva Pazos:

"Como referente cultural e literario fundamental no País, a Costa da Morte nunca calou a pesares do escuro esquecemento ao que se viu sometida ó longo dos séculos. Nesta costa asoballada pola dor e o silencio, as verbas dos poetas soan libertadoras, quizais porque son fillas do Océano que as enxendrou. Ese é o sentido desta columna, o de traer á superficie, dende a miña ollada de fisterrán e filólogo en potencia, o son co que se elevan as voces dos escritores da nosa comarca. Trátase dunha homenaxe, en definitiva, ás nosas letras: berros de salitre que soan na Historia como cando ronca o vendaval entre os penedos".



*Bandeira negra de loito
ondea na taberna á deriva
polos mariñeiros que fican mortos na historia do mar.*

X.H. Rivadulla Corcón.



Voltoamos hoxe ó presente para seguir falando dos poetas costeiros que traballan a prol da dinamización cultural da nosa comarca, e seguimos nesta parte sur da Costa da Morte, xa sexa por chauvinismo ou porque é o ámbito que mellor coñezo da nosa literatura. Viaxamos esta semana ata Muxía, pois tamén a Vila da Barca deu algúns dos mellores escritores e artistas da nosa zona. Sen dúbida, desta volta o termo "artista" é o máis axeitado, pois falamos dun home que, a pesares de considerarse a si mesmo un poeta, hai que admitir que a variedade do seu traballo fai que o clasifiquemos como artista polifacético, desaxente da que queda pouca e que é tan necesaria nun intre coma este.

X. Henrique Rivadulla Corcón naceu no barrio de Monte Alto, na Coruña, no ano 1962, se ben a súa familia é de Muxía. Isto fixo que a súa obra nunca ficara desligada do mundo do mar e da Costa da Morte, unha constante no seu traballo en tódalas vertentes. Aínda que, coma dixemos, el se considere un poeta, o certo é que é tamén moi coñecido polo seu traballo no mundo audiovisual (televisión e radio), a onde intenta trasladar con éxito a súa visión poética da comarca e do país a través dos seus guións e dos traballos que dirixiu cun gran éxito de crítica e de público. Así, por todos nós é coñecido o seu fermoso traballo na serie documental Salitre, estreada o pasado ano na Televisión de Galicia, e onde reflectiu a esencia máis pura de diferentes portos do país, incluído Fisterra. De feito, creo poder dicir sen medo a trabucarme, que o seu é ata a data o mellor documental endexamais dirixido sobre a Vila do Cristo. Na miña humilde opinión, ningún soubo trasladar á pantalla con tanto atino, con tanta sensibilidade e con tanto lirismo a esencia mariñeira de Fisterra, facéndoo ademais a través das vivencias reais e auténticas dos homes e mulleres do mar. Así, foi o único que tivo a enteireza de penetrar nas casas fisterranas para falar coas mulleres da Vila do Cristo que, seguindo unha fisterranísima tradición, tomaban o mate ao redor dunha mesa recuberta cun tapete de ganchillo. Eis unha fermosa e intensa homenaxe ás mulleres da Fin do Mundo.

A primeira vez que oín falar de Rivadulla Corcón foi na presentación do libro de Alexandre Nerium Nocturnidade do Sal na Real Academia Galega, alá polo ano 2008. Naquela ocasión ofreceunos unha fermosa conferencia onde, segundo as súas propias verbas, "eu estou aquí para demostrar que fisterráns e muxiáns non nos levamos tan mal coma din". Ademais, afirmou con rotundidade

que para el a bandeira da Costa da Morte debe ser o pano negro das viúvas do mar erguido nun mástil, a modo de homenaxe ás mulleres dos nosos portos, auténticas heroínas deste mundo cruel que é o dos que habitan o Océano. De feito, as vivencias mariñeiras das persoas do mar en xeral e das mulleres da Costa da Morte en particular é un tema constante na súa lírica. Vémo-lo tamén na súa serie de documentais Salitre, onde profunda con verdadeiro afán poético nas experiencias das mulleres da costa, coma xa dixemos.

Asúa obra poética consta ata o de agora de tres obras, unha delas participando como coautor: Igor de Albatros en Selene, do ano 1985. Xa no 2002 publicou a que para min é a súa mellor obra ata a data: Taberna á deriva, onde expón algúns dos tópicos máis profundos e fermosos da súa escrita: as vivencias do mar, a personificación do océano coma un ente latexante que estende as súas garras sobre as vidas dos homes e mulleres da costa, e a vida cotiá destes habitantes da penumbra. No 2007 publicou O adeus do vello mariñeiro, onde perpetúa o seu peculiar estilo.

Falar do estilo de Rivadulla Corcón é falar do mar. Dixemos isto en moitas ocasións nesta sección, mais sen dúbida o seu é un traballo orixinal e diferente. Nas súas verbas latexa viva a verba mariñeira máis pura. Por iso para min este é outro dos poetas ós que hai que ler con gheada e seseo para acadar a esencia máis intensa e profunda da súa obra. A personificación do mar é un dos seus recursos máis traballados, unha constante na súa obra que se estende a través das súas páxinas coma un tentáculo escuro que todo o move e modifica. Non implica isto que na súa obra os mariñeiros sexan xoguete do destino do océano, coma vimos na obra doutros poetas mariñeiros coma Alexandre Nerium, senón que neste caso a vida mariñeira ten unha entidade propia nun universo orixinal no que os homes e as mulleres da nosa costa son auténticos protagonistas dunha mitoloxía única.

Na súa obra vemos multitude de cantos de amor ó Océano, traballando con esa personificación da que falabamos, tratando ó mar coma un camarada e un compañeiro de vida que todo o envolve. Así, nos seus poemas atopamos a antítese perfecta entre a fermosura poética da vivencia mariñeira e a escuridade crepuscular constante dese loito que levamos no noso apelido.

Recomendo encarecidamente a lectura da súa obra, coma unha penetración perfecta no mundo mariñeiro, adobiada ademais cunha linguaxe pura e auténtica que recrea a verba vivencial dos homes e mulleres do mar. De feito, o próximo domingo seis de maio terémolo no Faro de Fisterra, Fin do Camiño, acompañado por Franky Valencia para presentarnos un espectáculo poético-musical que de seguro abrirá novos xeitos de entender a súa obra: Camiño ao mar. De seguro que non defraudará, polo que tamén recomendo estar alí para disfrutar da voz mariñeira auténtica deste laureado e valoradísimo poeta da nosa costa.

Coma sempre, vou rematar coas verbas do poeta homenaxeado esta semana en Cando ronca o vendaval, e vouno facer cun poema que reflicte para min ese xeito auténtico e profundo de entender a vida das mulleres do mar, constante temática na súa impresionante obra:

*Alzo a miña copa
polas mulleres
que agardan no peirao.*

*Polas que tecen unha vida
mentres os mariñeiros faenan no mar,
para eles, para os seus fillos.*

*Declaro que entre elas
sintome na casa,
porque elas son a patria do mar.*

Xoán Silva Pazos (xoanspazos[arroba]quepasanacosta.com).